




## Mulleres en Dixital: O uso das TIC desde unha perspectiva de xénero

Edición 2024



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia  
Consellería de Facenda e Administración Pública  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela  
Ano de publicación: 2025

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons  
Atribución:  
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)  
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

# Índice de Contidos

|                                                              |         |
|--------------------------------------------------------------|---------|
| 1. Introducción                                              | Páx. 4  |
| 2. A fenda dixital de xénero                                 | Páx. 6  |
| 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses |         |
| 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses                  |         |
| 2.3. Uso do comercio electrónico                             |         |
| 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet     |         |
| 3. A fenda dixital de xénero segundo o hábitat               | Páx. 21 |
| 4. Indicadores Adicionais                                    | Páx. 35 |
| 5. Conclusións                                               | Páx. 43 |





# 1. Introducción

# 1. Introducción

## Obxectivos

Analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia.

Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.

## Fontes de Información


- 📶 Enquisa Estrutural a Fogares (IGE) – Indicadores de tecnoloxías-. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), en colaboración co Instituto Galego de Estatística (IGE). Ano 2023
- 📶 Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (TIC-H). INE. Ano 2023
- 📶 Indicadores de la Sociedad de la Información por género. ONTSI. Ano 2023



## 2. A Fenda Dixital de Xénero

## 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

*Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Non se aprecia fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos tales como ordenadores portátiles ou de sobremesa, PDA ou tablet, etc. entre mulleres e homes en Galicia. O 93,1% das mulleres de 16 a 74 anos utilizaron estes dispositivos nos últimos tres meses, 6 décimas máis ca os homes.

## 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

### *Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e idade*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A idade é un aspecto relevante na dixitalización dos galegos e galegas. O uso de dispositivos electrónicos é practicamente idéntica e universal por xéneros ata os 44 anos.

Dos 45 anos en adiante, baixa o seu uso en ambos xéneros pero as mulleres superan aos homes en máis dun punto en todas as franxas de maior idade.

## 2.1. Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

*Uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Galicia → Usou dispositivos electrónicos (teléfono móvil con capacidade de acceso a Internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet...) nos últimos 3 meses.


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Continúa o incremento da dixitalización das mulleres no 2023. Superan aos homes no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses en todos os estratos educativos excepto no máis baixo, de "Educación primaria e inferior", onde os homes están case catro puntos por enriba das mulleres.

## 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Uso de Internet nos últimos tres meses segundo o sexo*

*Comparativa Galicia-España*




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

No uso de Internet durante os últimos tres meses, non se observa fenda dixital segundo o xénero en Galicia nin a nivel estatal.

No 2023, en Galicia as mulleres que utilizaron internet nos últimos tres meses acadan o 91,7% superando aos homes en 4 décimas, xusto o contrario que o ano anterior.

## 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Segundo idade, no uso de Internet, repítese un patrón semellante ao de uso de dispositivos electrónicos. No 2023, o acceso de homes e mulleres é case universal ata os 44 anos. A partir de aí, hai unha lixeira vantaxe das mulleres, máis frecuentemente usuarias de internet nos últimos tres meses, con vantaxes dun punto porcentual ou máis en cada un dos tramos de idade a partir dos 45 anos.

## 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

### *Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e estudos terminados*




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

As diferenzas entre homes e mulleres tenden a desaparecer a medida que a formación académica dos galegos/as é maior.

A única fenda no uso de Internet obsérvase entre aquelas mulleres con estudos primarios e inferiores onde existe menor acceso que os homes. No resto, o acceso a internet é lixeiramente maior entre as mulleres.

## 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

### *Uso de Internet nos últimos tres meses segundo sexo e situación laboral*




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Non se observan diferenzas significativas no uso de Internet entre as mulleres e homes segundo a súa situación laboral a excepción do caso das persoas con discapacidade ou as dedicadas a tarefas do fogar, onde as mulleres teñen un menor acceso a internet que os homes.

## 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Evolución do indicador*  
*Uso de Internet en los últimos tres meses*  
*Comparativa Galicia – España*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes



Fonte: INE (2023)


No 2023, tanto a nivel estatal como na nosa Comunidade, o uso da Rede entre as mulleres increméntase. Dende o ano 2020 o uso de Internet por parte das galegas aumentou un 4,4%.

Neste último ano, as mulleres superan aos homes, tanto en Galicia como na media española.

## 2.2. Uso de Internet nos últimos tres meses

*Diferenza entre homes e mulleres que empregaron Internet nos últimos tres meses (puntos porcentuais)*


| Individuos que empregaron Internet nos últimos tres meses |        |      |       |                 |
|-----------------------------------------------------------|--------|------|-------|-----------------|
|                                                           | Muller | Home | Total | Fenda de Xénero |
| Lituania                                                  | 90,7   | 86,1 | 88,5  | 4,6             |
| Malta                                                     | 94,0   | 90,3 | 92,1  | 3,7             |
| Estonia                                                   | 94,4   | 91,9 | 93,2  | 2,5             |
| Francia                                                   | 93,5   | 92,1 | 92,8  | 1,4             |
| Chipre                                                    | 91,8   | 90,6 | 91,2  | 1,2             |
| Hungría                                                   | 91,8   | 91,1 | 91,5  | 0,7             |
| Polonia                                                   | 86,7   | 86,1 | 86,4  | 0,6             |
| Galicia                                                   | 91,7   | 91,3 | 91,5  | 0,4             |
| España                                                    | 95,6   | 95,3 | 95,5  | 0,3             |
| Letonia                                                   | 92,5   | 92,2 | 92,3  | 0,3             |
| Bélxica                                                   | 94,7   | 94,6 | 94,6  | 0,1             |
| Finlandia                                                 | 97,7   | 97,7 | 97,7  | 0,0             |
| Suecia                                                    | 97,6   | 97,6 | 97,6  | 0,0             |
| Noruega                                                   | 99,7   | 99,7 | 99,7  | 0,0             |
| Países Baixos                                             | 99,1   | 99,2 | 99,2  | -0,1            |
| Luxemburgo                                                | 99,3   | 99,4 | 99,4  | -0,1            |
| Dinamarca                                                 | 98,7   | 98,9 | 98,8  | -0,2            |
| Eslovaquia                                                | 87,1   | 87,4 | 87,2  | -0,3            |
| Grecia                                                    | 84,8   | 85,2 | 85,0  | -0,4            |
| Suíza                                                     | 99,0   | 99,5 | 99,3  | -0,5            |
| República Checa                                           | 91,8   | 92,4 | 92,0  | -0,6            |
| UE27                                                      | 91,1   | 91,8 | 91,4  | -0,7            |
| Bosnia - Herzegovina                                      | 83,0   | 83,7 | 83,4  | -0,7            |
| Montenegro                                                | 87,9   | 88,7 | 88,4  | -0,8            |
| Eslovenia                                                 | 89,8   | 90,9 | 90,4  | -1,1            |
| Bulgaria                                                  | 79,8   | 81,0 | 80,4  | -1,2            |
| Rumania                                                   | 88,5   | 90,0 | 89,2  | -1,5            |
| Portugal                                                  | 85,0   | 86,6 | 85,8  | -1,6            |
| Serbia                                                    | 84,6   | 86,2 | 85,4  | -1,6            |
| Italia                                                    | 86,0   | 87,9 | 86,9  | -1,9            |
| Alemania                                                  | 91,5   | 93,5 | 92,5  | -2,0            |
| Austria                                                   | 94,2   | 96,5 | 95,3  | -2,3            |
| Albania                                                   | 81,7   | 84,6 | 83,1  | -2,9            |
| Croacia                                                   | 80,0   | 86,9 | 83,4  | -6,9            |
| Turquía                                                   | 82,1   | 89,8 | 86,0  | -7,7            |
| Irlanda                                                   | 89,4   | 97,4 | 93,3  | -8,0            |



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE) / INE (2023) / EUROSTAT (2023)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes  
Base: Poboación de 16 a 74 anos

## 2.3. Uso do comercio electrónico

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo  
Comparativa Galicia-España*




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

O uso do comercio electrónico en Galicia en función do sexo presenta unha lixeira vantaxe de 2 puntos porcentuais dos homes respecto á que se rexistra entre as mulleres mentres en España están practicamente iguais.


## 2.3. Uso do comercio electrónico

### Evolución do indicador

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo o sexo  
Comparativa Galicia-España*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes




Fonte: INE (2023)

Nos últimos cinco anos, a proporción de galegas que compran por Internet aumenta progresivamente. A porcentaxe de mulleres que compran por internet sitúase en case 63% na actualidade. Creceu 2,4 puntos porcentuais no último ano, máis que no caso do estado.

## 2.3. Uso do comercio electrónico

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e idade*




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

A idade é un factor condicionante á hora de adquirir un ben ou servizo en liña. Así, nesta edición obsérvase que, entre os menores de 44 anos, son as mulleres as que máis utilizan a Rede como canle de compras, superando en máis de 3 puntos aos homes.

O uso iguálase dos 45 aos 54 e invértese nos grupos de maior idade (de 55 a 74 anos), onde os homes usan o comercio electrónico cunha frecuencia que supera en máis de 5 puntos ás mulleres.

## 2.3. Uso do comercio electrónico

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo sexo e situación laboral*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Entre as persoas que están actualmente estudando ou ocupadas, as mulleres superan aos homes na realización de compras en liña. Esta tendencia invertease no resto de situacións laborais. A diferenza máis acusada obsérvase entre as persoas que se dedican ás tarefas do fogar, onde a fenda de xénero é de 17,3 puntos porcentuais.

## 2.4. Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet

*Tipos de interacción coas AAPP a través de Internet nos últimos doce meses segundo o sexo*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Base: Persoas que utilizaron Internet nos últimos doce meses

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


No 2023, observamos que as mulleres superan aos homes en tódolos trámites a excepción da descarga de documentos persoais onde os homes superan as mulleres en 0,5 puntos porcentuais.



### **3. A Fenda Dixital de Xénero segundo o hábitat**


# A fenda dixital de xénero desde un punto de vista territorial

Neste capítulo analízase a influencia do hábitat no distinto uso das TIC entre homes e mulleres nos indicadores de dixitalización segundo as seguintes variables xeográficas:



# Provincia

## *Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e provincia*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

As provincias galegas non amosan diferenzas significativas por xénero no uso de dispositivos electrónicos. As mulleres superan lixeiramente aos homes.

# Hábitat

## *Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos


O tamaño do hábitat non determina en xeral diferenzas significativas entre homes e mulleres no uso de dispositivos electrónicos con capacidade de conectarse a internet.

Hai maior nivel de uso de dispositivos nos concellos de maior poboación.



# Áreas Comarcais

*Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais*

Mulleres




Homes



A fenda de xénero no uso de dispositivos electrónicos só supera os 3 puntos porcentuais a prol dos homes na Costa da Morte. En Pontevedra Sur son as mulleres as que superan aos homes en máis de 3 puntos no uso de dispositivos.

# Sete concellos con maior poboación de Galicia

*Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia*




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes  
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

O maior uso de dispositivos electrónicos entre as mulleres sitúase nos concellos de Ourense (97,4%), Vigo (97%) e Santiago de Compostela (96,9%). A fenda de xénero aparece en Vigo, cunha distancia no uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses de 0,9 puntos porcentuais superior entre os homes, na Coruña quédase en 0,3 puntos.

# Provincia

## *Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e provincia*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Pontevedra é a provincia onde máis mulleres utilizaron Internet nos últimos tres meses cun 92,3%, pero é tamén na única provincia en que están por debaixo dos homes (92,6%).

# Hábitat

## *Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e hábitat*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos


As diferenzas nos concellos máis grandes son escasas no uso de internet de homes e mulleres.

As mulleres superan en 1,9 puntos aos homes nos concellos de menos de 5.000 habitantes pero os homes están por diante no seguinte rango (+1,7).



# Áreas Comarcais

*Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero e áreas comarcais*

## Mulleres




## Homes



O uso de internet por xénero e comarcas presenta tendencias dispares pero cabe salientar que en A Coruña Suroriental, a diferenza supera lixeiramente os 4 puntos porcentuais, a prol das mulleres internautas.

# Sete concellos con maior poboación de Galicia

*Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia*




Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes  
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Nas cidades da Santiago de Compostela (96%) e Vigo (96,2%) é onde se aprecia un maior uso de Internet entre as mulleres. Neste último os homes superan as mulleres en 1,4 puntos porcentuais.

# Provincia

## *Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e provincia*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Na provincia de Pontevedra, a porcentaxe de homes que compran a través de Internet supera en 4 puntos porcentuais á de mulleres. En Ourense, son as mulleres as que superan aos homes na realización de compras na Rede.

# Hábitat

## *Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e hábitat*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

Tendo en conta o tamaño de hábitat, nas grandes cidades hai un maior uso do comercio electrónico e a fenda de xénero faise máis evidente: nos concellos de máis de 20.000 habitantes e menos de 50.000, a fenda de xénero acada o máximo, por riba dos 5 puntos porcentuais, pero nos concellos de menos de 20.000 habitantes a fenda redúcese, sendo practicamente inexistente.


# Áreas Comarcais

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero e áreas comarcais*

## Mulleres




## Homes



Nas áreas comarcais de Lugo Sur, Costa da Morte e Ourense Central, é nas que as compras a través da Rede das mulleres superaron con maior distancia ás compras dos homes.


# Sete concellos con maior poboación de Galicia

*Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet segundo xénero nos sete grandes concellos de Galicia*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)  
Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes  
Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos

O Concello de Ourense é o único das cidades galegas onde as mulleres, no ano 2023, mercaron bens ou servizos a través de Internet máis que os homes. Nos restantes grandes concellos, rexístrase fenda de xénero no comercio electrónico, observando a distancia máis acusada nos concellos Vigo, Lugo, A Coruña e Pontevedra, todos con máis de 3 puntos de distancia.



## 4. Indicadores Adicionais

# Indicadores Adicionais

Neste apartado analizaremos os diversos usos que os internautas galegos dan a este medio, que nos permitirán perfilar o grao de dixitalización e as habilidades dixitais dos homes e mulleres galegos de 16 a 74 anos. Concretamente nesta edición do estudo incorpóranse novos bloques de indicadores que se clasifican en:

Servizos de Internet Utilizados

Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet

Actividades relacionadas coa saúde realizadas na Internet


Actividades xerais realizadas na Internet

Actividades relacionadas cos móbiles e ordenadores

Actividades relacionadas coa informática

# Servizos de Internet utilizados

*Servizos de internet utilizados con fins particulares nos últimos 3 meses*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

Usar mensaxería instantánea (98,7%) é a actividade máis destacada de Internet entre as galegas que utilizaron a Rede nos últimos tres meses seguida da busca de información sobre bens ou servizos (87,6%).

As mulleres están máis de 3 puntos por detrás no uso de videoxogos, seguir a actualidade en medios en liña, correo electrónico e ver contidos audiovisuais.

# Actividades de Aprendizaxe realizadas na Internet

*Actividades de aprendizaxe realizadas na Internet con fins educativos, profesionais ou privados nos últimos 3 meses*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

As mulleres realizaron máis actividades de aprendizaxe na rede que os homes, xa sexa para comunicarse cos profesores ou alumnos utilizando portais o sitios web educativos, utilizar material de aprendizaxe en liña ou realizar algún curso en liña.

# Actividades relacionadas coa saúde realizadas por Internet

## *Actividades relacionadas coa saúde realizadas por Internet nos últimos 3 meses*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

No ámbito da saúde, as mulleres son as que máis utilizan internet para concertar unha cita médica, buscar información, acceder a arquivos persoais ou a outros servizos de saúde a través dunha páxina web.

# Actividades xerais realizadas por Internet

## Actividades xerais realizadas por Internet nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes


Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

No 2023, as mulleres utilizan en maior medida a rede para buscar emprego. Nesta actividade as mulleres superan aos homes en 1,4 puntos porcentuais.

Pola contra, en actividades como mover ficheiros en local ou na nube ou a banca electrónica, os homes superan en 1,5 puntos ou máis ás mulleres.

# Actividades relacionadas con móviles e ordenadores

## *Actividades relacionadas cos móviles e ordenadores realizadas nos últimos 3 meses*



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)


Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

Nas actividades relacionadas con móviles e ordenadores os homes superan as mulleres en máis de dous puntos porcentuais. Acadan a maior fenda de xénero no cambio de configuración de calquera tipo de software, que é de 5,4 puntos porcentuais.

# Actividades relacionadas coa informática

## Actividades relacionadas coa informática realizadas nos últimos 3 meses



Fonte: EEF 2023 (OSIMGA + IGE)

Fenda de Xénero: % Mulleres - % Homes

Base: % sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet nos últimos tres meses

Usar un procesador de texto (46,4%), crear presentacións ou documentos que integren textos, imaxes, táboas ou gráficos (32,6%) e usar software para editar fotos, vídeo ou arquivos de audio (33,4%) son accións nas que a fenda de xénero é de menos dun punto.

Na programación informática e mover ficheiros ou carpetas, a fenda de xénero é mais significativa (4,1 e 2,4).



## 5. Conclusiones

## Uso de dispositivos electrónicos



En Galicia na actualidade, non existen practicamente diferenzas entre o uso de dispositivos electrónicos que realizan homes e mulleres.

O uso de dispositivos electrónicos é incluso superior entre as mulleres galegas respecto aos homes de 45 a 74 anos e sobre todo no tramo de idade de 55 a 64 anos.

## Uso de Internet



No uso de Internet, non existen diferenzas entre homes e mulleres. O 91,7% das galegas e o 91,3% dos galegos utilizaron Internet nos últimos tres meses.

No 2023, as galegas de 55 a 64 anos, superan aos homes en 2,3 puntos porcentuais acadando un 91,2% de galegas internautas fronte aos 88,9% homes internautas da mesma idade.

## Compras a través da rede



En termos globais, a porcentaxe de homes que compran a través da Rede en Galicia é superior en 2 puntos á que realizan entre as mulleres.

Con todo, entre as persoas menores de 45 anos, as mulleres superan aos homes na utilización da Rede como canle de compra.

## Relación coas AAPP



No ano 2023, non existe fenda de xénero no relativo ao uso da Administración Dixital. A porcentaxe de mulleres que interactúa coas AAPP a través de Internet supera á porcentaxe de homes en case todos os procedementos.

## Indicadores Adicionais



As diferenzas entre galegos e galegas, no relativo ás actividades e servizos que utilizan na rede, varían en función da natureza das actividades.

Na educación online e actividades relacionadas coa saúde, a porcentaxe de mulleres usuarias supera á de homes.



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO  
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN  
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA